Concello
AS NOGAIS (Lugo)
C.I.F.: P-2703700A · Rosalía de Castro, s/n · C.P. 27677

Teléfonos: 982 36 40 92
982 36 41 90
Fax: 982 36 41 50
e-mail: concelloasnogais@concelloasnogais.es
www.concelloasnogais.es

JESUS MANUEL NUÑEZ DIAZ (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 27/09/2021
HASH: 6c7ca44675540b001864b70f059b44df9

BASES QUE REXERAN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE **2 MONITORES/AS DE ALBANELARIA, 1 MONITOR/A DE EDUCACIÓN COMPENSATORIA E 1 ADMINISTRADOR/A** DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO " VÍA KÜNIG III " CONCELLOS DE AS NOGAIS-BARALLA-BECERREÁ, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, EN APLICACIÓN DA AXUDA OTORGADA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE, AO ABEIRO DA ORDE DO 31 DE DECEMBRO DE 2020, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.-

Constitúe o obxecto da convocatoria a provisión temporal en réxime laboral de 4 traballadores: 2 MONITORES, 1 MONITOR/A EN EDUCACIÓN COMPENSATORIA E 1 ADMINISTRADOR/A, do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO"VÍA KÜNIG III. CONCELLOS DE AS NOGAIS-BARALLA -BECERREÁ ".

A contratación está subvencionada pola Consellería pola Consellería de Emprego e Igualdade ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (DOG nº22, do 3 de febreiro de 2021)

Ocupación	Nº Postos	Servizo	Duración da Contratación
Monitor/a albanelaría	2	*Obradoiro dual de emprego "Vía Künig III" Concellos de As Nogais-Baralla – Becerreá*	9 meses

Ocupación	Nº Postos	Servizo	Duración da Contratación
Administrador/a	1	*Obradoiro dual de emprego "Vía Künig III" Concellos de As Nogais-Baralla – Becerreá*	9 meses

Ocupación	Nº Postos	Servizo	Duración da Contratación
Monitor/a en Educación compensatoria	1	*Obradoiro dual de emprego "Vía Künig III" Concellos de As Nogais-Baralla – Becerreá*	9 meses

Cod. Validación: M3DZPCCGLKPRKME76AS3PASAY | Corrección: https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 1 a 15

Teléfonos: 982 36 40 92
982 36 41 90
Fax: 982 36 41 50
e-mail: concelloasnogais@concelloasnogais.es
www.concelloasnogais.es

A selección dos traballadores será mediante a presentación de oferta de emprego no Servizo Público de Emprego, segundo o establecido no artigo 12 da Orde do 31 de Decembro de 2020 e na Circular número 6/2021 de 15 de xuño de 2021 da Dirección Xeral de Formación e Colocación.
Formalizarase co persoal seleccionado un contrato, conforme o previsto no Estatuto dos Traballadores e a Orde reguladora da axuda e segundo o artigo 13 da Orde do 31 de Decembro de 2020,

Monitores/as albanelaría
Desenvolverán a súa actividade educativa, para o adecuado desenvolvemento dos programas formativos, dentro dun marco pedagóxico e didáctico que permita ás persoas alumnas-traballadoras obter o maior beneficio, de acordo coas directrices do proxecto do Obradoiro de emprego.

Tomar as medidas necesarias para que se cumpra o estipulado na normativa vixente sobre Seguridade e Saúde no traballo.

Serán os responsables de impartir o ensino teórico-práctico correspondente á especialidade formativa que van impartir, e da aprendizaxe das persoas alumnas.

Colaborarán co director na realización da programación (de conformidade co disposto no certificado de profesionalidade) e nas probas de avaliación periódicas, así como na planificación das tarefas produtivas, e serán os responsables do cumprimento dos obxectivos propostos.

Serán os responsables do control de asistencia e produtividade das persoas alumnas traballadoras do obradoiro, debendo facilitar de forma obrigatoria semanalmente os partes diarios de traballo de cada traballador participante, o control de asistencia correspondente ó mencionado período.

Elaborarán nas datas e forma que o director lles fixe, unha lista global das necesidades de materiais, maquinaria, ferramentas, medios auxiliares, etc., necesarios para o normal desenvolvemento da actividade.

Realizarán o control de recepción dos pedidos, realizando listas periódicas, datadas, numeradas e debidamente detalladas dos mesmos e custodiarán os albarás ata a súa entrega ao director do obradoiro de emprego.

Colaborarán coa dirección nos labores de titoría das persoas alumnas traballadoras, comunicando a esta as incidencias que ocorran no obradoiro.

Serán os responsables da custodia, mantemento e conservación dos materiais, maquinaria e ferramentas propios do seu obradoiro, así como doutros de carácter xeral que lle sexan encargados pola dirección do obradoiro de emprego. Trimestralmente, a petición da dirección, realizarán un inventario dos medios do obradoiro, no prazo e forma que se esixa.

Cod. Validación: M3DZPCCGLKPRKME76AS3PASAY | Corrección: https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 15

Teléfonos: 982 36 40 92
982 36 41 90
Fax: 982 36 41 50
e-mail: concelloasnogais@concelloasnogais.es
www.concelloasnogais.es

Serán os encargados de organizar os diferentes labores dos grupos de traballo, respondendo da execución das tarefas produtivas a realizar polo seu obradoiro.

Realizarán aqueles traballos xerais e inclusive os que supoñan un especial empeño e delicadeza, que lle sexan encomendados pola dirección na execución das tarefas produtivas do obradoiro de emprego.

Fomentarán e participarán activamente en tódalas iniciativas de creación de emprego.

Serán responsables directos nos aspectos prácticos - produtivos das persoas alumnas/traballadoras que estean o seu cargo, en especial no relativo á Seguridade e Saúde no traballo.

Será o encargado de impartir o ensino teórico das especialidades dos obradoiros, e se fose preciso, o ensino correspondente ao programa de formación empresarial e busqueda de emprego. Encargarase, si a Dirección o considera necesario, da supervisión das obras.

Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador

Monitor/a de educación compensatoria:

Funcións

Realizará labores de titoría do alumnado e coordinará todas as accións formativas do obradoiro cos docentes. Así mesmo, encargarase da preparación do alumnado traballador que non conte coa titulación, para a obtención do título de Educación Secundaria Obrigatoria. Deberá ter experiencia profesional docente relacionada coa impartición de materias desta titulación académica

1.-Impartir o contido formativo relacionado cos ámbitos científico, comunicación e social, en coordinación co resto do persoal docente do proxecto.
2.-Elaborar o material didáctico a entregar ao alumnado, así como solicitar o material e o equipamento necesarios para impartir a formación.
3.-Elaborar a planificación didáctica e metodoloxía a utilizar, así como as probas de avaliación, de ser o caso.
4.-Avaliación da acción formativa ao longo do desenvolvemento da mesma, e detección de non conformidades; ademais da redacción das actas e exames
5.-Elaboración e preparación da documentación facilitada pola dirección
6.-Seguimento do alumnado e titorías individuais ou grupais co alumnado
7.-Impartir orientación e inserción laboral do alumnado durante o proxecto (en coordinación coa dirección do obradoiro)

O contrato será a tempo parcial, sendo a porcentaxe de parcialidade dun 20% en cómputo semanal.

Requisitos

Nivel académico: Grao en Mestre/a de educación primaria ou titulación equivalente.
Experiencia profesional: 6 meses na ocupación.

Cod. Validación: M3DZPCCGLKPRKME76AS3PASAY | Corrección: https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 3 a 15

Teléfonos: 982 36 40 92
982 36 41 90
Fax: 982 36 41 50
e-mail: concelloasnogais@concelloasnogais.es
www.concelloasnogais.es

Administrador/a

Será o encargado de realizar os contratos laborais, nóminas de salarios, afiliación, liquidacións e cotización á Seguridade Social, transferencias, control de facturas e albaráns, confección de documentos e manexo das aplicacións informáticas precisas, na forma e prazos adecuados.

Realizarán a base de datos e o arquivo do Obradoiro, tanto de persoal como dos medios, e será o encargado da obtención e confección dos datos estatísticos, rexistros, clasificación e arquivo de documentos, abastecementos, etc...

Calquera outra función propia do seu cargo que lle encomende a Dirección.

O contrato será a tempo parcial, sendo a porcentaxe de parcialidade dun 50% en cómputo semanal.

2.- MODALIDADE DO CONTRATO.-

A modalidade do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de persoal directivo do programa de Obradoiros Duais de Emprego, segundo o establecido no artigo 13 da Orde de referencia da Consellería de Emprego e Igualdade.
O carácter do contrato é por tanto temporal, respecto á xornada do servizo anteriormente mencionado.

Ocupación	***Servizo***	***Xornada***
Docente Monitor	Ámbito: Nos termos municipais dos concellos de Baralla – Becerreá e As Nogais	Completa 100%

Ocupación	***Servizo***	***Xornada***
Docente Monitor/a de educación compensatoria	Ámbito: Nos termos municipais dos concellos de Baralla – Becerreá e As Nogais	Parcial 20% en cómputo semanal

Ocupación	***Servizo***	***Xornada***
Administrador/a	Ámbito: Nos termos municipais dos concellos de Baralla – Becerreá e As Nogais	Media 50%

3.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.-
Para ser admitidos/as no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

Cod. Validación: M3DZPCCGLKPRKME76AS3PASAY | Corrección: https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 4 a 15

Concello
AS NOGAIS (Lugo)
C.I.F.: P-2703700A · Rosalía de Castro, s/n · C.P. 27677

Teléfonos: 982 36 40 92
982 36 41 90
Fax: 982 36 41 50
e-mail: concelloasnogais@concelloasnogais.es
www.concelloasnogais.es

En cumprimento do establecido na orde reguladora das axudas o persoal seleccionarase entre o preseleccionado polo Servizo Público de Emprego, segundo a oferta presentada ao efecto polo Concello de As Nogais. As persoas candidatas serán remitidas á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva en función do citado artigo 12 da devandita orde da Consellería de Emprego e igualdade

Ocupación	**Monitor/a**

Requisitos específicos:
As persoas interesadas en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden ao posto convocado, estando en condicións de incorporarse ao mesmo na data de inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.
- Non ter sido separadas, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin ter sido inhabilitadas para o exercicio da función pública.
-Ter o nivel académico e a experiencia profesional exixida no Real decreto que regula o certificado de profesionalidade correspondente á especialidade formativa que vai impartir.

Monitores/as de albanelaría e acabados

-Estar en posesión da categoría profesional de Oficial 1ª, ou ter traballado como albanel no réxime de traballador autónomo. Será necesaria a acreditación de ter unha experiencia mínima de 3 anos.

Monitor/a de educación compensatoria:

Nivel académico: Grao en Mestre/a de educación primaria ou titulación equivalente.
Experiencia profesional: 6 meses na ocupación.

Administrativo/a:

Estar en posesión dunha das seguintes titulacións: Diplomatura ou Grado en Empresariais ou Grao en Ciencias Económicas ou Diplomatura en Relacións Laborais e unha experiencia mínima de 12 meses coa titulación.

En todo caso, as persoas interesadas deberán posuír os ditos requisitos ou estar en condicións de obtelos na data na que se leve a cabo a sondaxe pola oficina de emprego.

Cod. Validación: M3DZPCCGLKPRKME76AS3PASAY | Corrección: https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 5 a 15

Concello
AS NOGAIS (Lugo)
C.I.F.: P-2703700A · Rosalía de Castro, s/n · C.P. 27677

Teléfonos: 982 36 40 92
982 36 41 90
Fax: 982 36 41 50
e-mail: concelloasnogais@concelloasnogais.es
www.concelloasnogais.es

4.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS CANDIDATOS.

A selección do persoal a contratar levarase a cabo da forma prevista no artigo 12 da Orde do 31 de Decembro de 2020, polo que se formulará oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Os candidatos/as deberán figurar na lista remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, en contestación a correspondente oferta. Unha vez remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, publicarase a correspondente lista aos efectos que legalmente preceda, tanto no Taboleiro de Anuncios do Concello de As Nogais e na páxina web (www.concelloasnogais.es).

As bases íntegras e a convocatoria publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de As Nogais e na páxina web (www.concelloasnogais.es).

Os/as candidatos/as desempregados/as deberán presentar no Rexistro do Concello de As Nogais a documentación sinalada nas presentes bases (orixinais ou fotocopias cotexadas), xunto co Anexo I-Modelo de solicitude, ata as 14 horas do día 6 de outubro de 2021.

Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados.

5.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.-

O Tribunal cualificador encargado da valoración dos méritos, así como da entrevista para a provisión de 4 traballadores: 2 MONITORES, 1 ADMINISTRADOR/A E 1 MONITOR/A EN EDUCACIÓN COMPENSATORIA do OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "VÍA KÜNIG III CONCELLOS DE AS NOGAIS - BARALLA- BECERREÁ " estará composto por:

O tribunal cualificador encargado da valoración dos méritos, para a provisión do posto de Director estará composto por:
Presidente: D. Severiano Daniel Vázquez Prado
Vogais: D. José Luis López Moure, Dª. Sandra Neira Gómez, Dª Ana Fernández Reija
Secretaria: Dona Sandra Díaz Álvarez
Suplente do Presidente: Dª. Mª del Pilar Pérez López
Suplentes dos vogais Dª María Brandariz Seoane, Dª Rocio López Pérez, Dª. Mónica Engroba Pulido
Suplente do Secretario: Dª Mª del Pilar López Lazaré

A selección terá lugar o vindeiro día **7 de outubro de 2021** no Centro Socio Cultural do Concello de As Nogais

- ás 15:30 horas para os monitores/as de albanelería
- ás 16:00 horas para o/a administrativo/a
- ás 16:30 horas monitor/a educación compensatoria

Cod. Validación: M3DZPCCGLKPRKME76AS3PASAY | Corrección: https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 6 a 15

Teléfonos: 982 36 40 92
982 36 41 90
Fax: 982 36 41 50
e-mail: concelloasnogais@concelloasnogais.es
www.concelloasnogais.es

O Tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de ao menos tres dos seus membros. Terán dereito ao cobro das asistencias establecidas pola lexislación vixente. Os membros do Tribunal Cualificador deberán absterse de intervir cando concorran algunha das causas presentes na vixente lexislación

Os membros do Tribunal Calificador valorarán a entrevista a realizar polos/as demandantes de emprego, así como os méritos debidamente xustificados polos solicitantes.
Quedan facultados para resolver as dúbidas que se lle presenten e tomar os acordos precisos para o desenvolvemento correcto do proceso da selección. Todo elo sen prexuízo do que poida dispoñer ao respecto o propio órgano de selección, que velará polo cumprimento dos principios de obxectividade na selección, mérito e capacidade, así como os aspectos aos que fai referencia a orde reguladora das axudas.

6.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.-
As actividades selectivas terán por finalidade determinar adecuación das persoas candidatas ao posto de traballo ofertado e consistirán na celebración dunha entrevista persoal e nunha valoración de méritos segundo o procedemento marcado pola circular número 53/2020 de data 22-07-2020 punto 11 que di que a entrevista non será eliminatoria e correspóndelle ó equivalente a 35% (se só se ten en conta a valoración de méritos) e 20% (caso de que se practique algún tipo de proba ademais da valoración de méritos).

a) ENTREVISTA 3.5 puntos
O tribunal en primeiro lugar celebrará unha entrevista persoal co obxectivo de avaliar o interese da persoa candidata en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral coma as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo, entrevista que se valorará cun máximo de 3,5 puntos.
Unha vez rematadas todas as entrevistas, faranse públicas as puntuacións no mesmo local en que tiveron lugar as mesmas.

b) MÉRITOS 6.5 puntos
A continuación terá lugar a baremación de méritos obxectivos. A tal fin, e de conformidade co previsto nas bases, os candidatos/as deberán comparecer provistos da documentación que acredite os seus méritos, co obxecto de que sexa avaliada polo tribunal
Os méritos a valorar no apartado de formación e experiencia profesional previa e a puntuación que poda corresponder a cada un, en base os seguintes criterios. A puntuación total máxima que se poderá acadar na dita valoración de méritos é de ata 6,5 puntos.

BAREMO

- ***2 MONITORES/AS ALBANELARÍA***

Os méritos que se valorarán son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas:

Cod. Validación: M3DZPCCGLKPRKME76AS3PASAY | Corrección: https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma esTIona esPúblico | Páxina 7 a 15

Teléfonos: 982 36 40 92
982 36 41 90
Fax: 982 36 41 50
e-mail: concelloasnogais@concelloasnogais.es
www.concelloasnogais.es

I)Experiencia profesional/docente:

-Experiencia como monitor/a en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou cursos de formación ocupacional, na especialidade formativa obxecto da convocatoria ecoa categoría profesional e ocupación esixidas nas presentes bases: 0,25 puntos por cada seis meses completos ata un **máximo de 2 puntos.**

-Experiencia profesional, exceptuando a de escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou cursos de formación ocupacional, en postes de traballo da especialidade obxecto da convocatoria e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases: 0,50 puntos por cada seis meses completos nos últimos 10 anos ata un **máximo de 2 puntos.**
A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de ***4 puntos.***

O período mínimo de experiencia esixido polo Real decreto que regula o certificado de profesionalidade, e que é imprescindible para participar no proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:
- No caso de traballador por conta allea: certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo e/ou recibos de salarios.
- No caso de traballadores autónomos: mediante certificación de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Axencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.
- No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

II) Cursos realizados:
Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,20 puntos.
Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos.
Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.
En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso . nin xornadas, congresos, simposios...
A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de **2,00 puntos.**

III) Coñecementos de lingua galega:
- Curso de iniciación: 0,25 puntos.
- Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de **0,50 puntos.**

Cod. Validación: M3DZPCCGLKPRKME76AS3PASAY | Corrección: https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 8 a 15

Teléfonos: 982 36 40 92
982 36 41 90
Fax: 982 36 41 50
e-mail: concelloasnogais@concelloasnogais.es
www.concelloasnogais.es

Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente. Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se refire aos cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

O Tribunal de selección determinará a lista provisional de aprobados e a orde provisional, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de As Nogais e na páxina web (www.concelloasnogais.es) a efectos de posibles reclamacións durante un período de dous días naturais, que serán resoltas polo tribunal.

- ***1 MONITOR/A DE EDUCACIÓN COMPENSATORIA***

Os méritos que se valorarán son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas:

I)**Experiencia profesional:**
-Experiencia profesional en funcións similares en escalas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego: 0, 50 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de **2,00 puntos.**
-Experiencia profesional, exceptuando a de escalas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego en postas de traballo relacionados coa función a desenrolar:0,50 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de **1,5 puntos.**
A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de **3,5 puntos.**
O período mínimo de experiencia esixido que é imprescindible para participar no proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.
A experiencia profesional acreditarase:
- No caso de traballador por canta allea : certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo.
- No caso de traballadores autónomos: mediante certificación de vida laboral expedida pala Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Axencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.
- No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

Titulacións complementarias:
Valorarase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no procedemento selectivo sempre que a complemente ou estea relacionada coas funcións a desenvolver por quen resulte seleccionado.
Consecuentemente, a dita titulación mínima unicamente se terá en conta para determinar a admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo, e non poderá ser obxecto de valoración posterior.
Licenciatura ou grao 1,25 puntos
Postgrao, ata 100 horas: 0,25 puntos; mais de 100 horas: 0,50 puntos
Master, ata 500 horas: 0,75 puntos; mais de 500 horas: 1 punto.
Doutoramento: 1,25 puntos

*A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de **1,25 puntos.***

Cod. Validación: M3DZPCCGLKPRKME76AS3PASAY | Corrección: https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 9 a 15

Teléfonos: 982 36 40 92
982 36 41 90
Fax: 982 36 41 50
e-mail: concelloasnogais@concelloasnogais.es
www.concelloasnogais.es

Cursos realizados:

Valorarase unicamente os relacionados coas funcións a desenvolver e que tiveran relación unha duración mínima de 20 horas lectivas:
Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,20 puntos.
Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos.
Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos.

A asistencia a xornadas, conferencias, congresos, etc. Non puntuarán.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas ou convalidados.
De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.
A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de **1,25 puntos.**

III) Coñecementos de lingua galega:
Curso de iniciación: 0,25 puntos.
Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos
Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de **0,50 puntos.**
Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente
Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se refire aos cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.
O Tribunal de selección determinará a lista provisional de aprobados e a orde provisional, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de As Nogais e na páxina web (www.concelloasnogais.es) a efectos de posibles reclamacións durante un período de dous días naturais, que serán resoltas polo tribunal.

- ***1 ADMINISTRADOR/A***

Os méritos que se valorarán son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas:

I)**Experiencia profesional:**
-Experiencia profesional en funcións administrativas en escalas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego:
0, 50 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de **2,00 puntos.**
-Experiencia profesional, exceptuando a de escalas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego en postas de traballo relacionados coa función a desenrolar:0,50 puntos por cada seis meses completos ata un máximo de **1,5 puntos.**
A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de **3,5 puntos.**

Cod. Validación: M3DZPCCGLKPRKME76AS3PASAY | Corrección: https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 10 a 15

Teléfonos: 982 36 40 92
982 36 41 90
Fax: 982 36 41 50
e-mail: concelloasnogais@concelloasnogais.es
www.concelloasnogais.es

O período mínimo de experiencia esixido que é imprescindible para participar no proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

A experiencia profesional acreditarase:

- No caso de traballador por canta allea : certificación de vida laboral expedida pola Seguridade Social xunto con contratos de traballo.
- No caso de traballadores autónomos: mediante certificación de vida laboral expedida pala Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe de cotización e certificación da Axencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.
- No caso de traballos realizados no estranxeiro: mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión exercida e coa categoría profesional e a ocupación esixidas nas presentes bases e os seus períodos de tempo.

Titulacións complementarias:

Valorarase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no procedemento selectivo sempre que a complemente ou estea relacionada coas funcións a desenvolver por quen resulte seleccionado. Consecuentemente, a dita titulación mínima unicamente se terá en conta para determinar a admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo, e non poderá ser obxecto de valoración posterior.

*A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de **1,25 puntos.***

Cursos realizados:

Cursos de 20 a 49 horas lectivas: 0,20 puntos.
Cursos de 50 a 99 horas lectivas: 0,30 puntos.
Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0,50 puntos.

Os cursos acreditaranse co diploma correspondente, no que necesariamente deberán de figurar no dorso os contidos do mesmo e ter sido impartidos por entidades públicas ou validados por estas.

De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Máster ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso.

A puntuación máxima que pode acadarse neste apartado será de **1,25 puntos.**

III) Coñecementos de lingua galega:

Curso de iniciación: 0,25 puntos.
Curso de perfeccionamento: 0,50 puntos

Estas puntuacións non serán acumulables entre si, valorándose só a superior, polo que a puntuación máxima que se pode acadar neste apartado será de **0,50 puntos.**

Estes cursos acreditaranse co diploma ou certificación correspondente

Só se concederá validez polo que á acreditación do galego se refire aos cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dependente da Presidencia da Xunta de Galicia.

O Tribunal de selección determinará a lista provisional de aprobados e a orde provisional, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de As Nogais e na páxina web

Cod. Validación: M3DZPCCGLKPRKME76AS3PASAY | Corrección: https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 11 a 15

Teléfonos: 982 36 40 92
982 36 41 90
Fax: 982 36 41 50
e-mail: concelloasnogais@concelloasnogais.es
www.concelloasnogais.es

(www.concelloasnogais.es) a efectos de posibles reclamacións durante un periodo de dous días naturais, que serán resoltas polo tribunal.

7.- LISTA DE APROBADOS.-

Rematada a fase anterior o Tribunal publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello de As Nogais e na páxina web (www.concelloasnogais.es) a lista definitiva por orde de puntuación obtida (suma da entrevista persoal e a valoración de méritos).

No caso de empate, os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo, así como nas puntuacións finais, son por orde de prelación:

- A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
- A puntuación outorgada no apartado de experiencia en escolas obradoiro, casas de oficio, obradoiros de emprego.
- A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego
- A puntuación obtida no apartado de cursos realizados
- A persoa de maior idade

8.-SELECCIÓN E NOMEAMENTO.-

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, polo órgano de selección levantarase a correspondente acta e publicarase edicto no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web (www.concelloasnogais.es), no que se ordenarán os candidatos por orde de puntuación obtida. Elevarase proposta ao Sr. Alcalde-Presidente, que procederá a ditar resolución ao respecto e a formalización dos contratos laborais, conforme ao previsto na vixente lexislación.

9.- DISPOSICIÓN FINAL.-

O tribunal está facultado para resolver as dúbidas e incidencias que se presenten, así como para adoptar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo, en todo aquilo non previsto nestas bases.

Asi mesmo a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato será a xurisdición social.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas, de conformidade con establecido na Lei 39/2015, do procedemento administrativo común.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de As Nogais e na páxina web (www.concelloasnogais.es) ante o Alcalde do Concello de As Nogais, de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de As Nogais e na súa páxina web (www.concelloasnogais.es) de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo,

Cod. Validación: M3DZPCCGLKPRKME76AS3PASAY | Corrección: https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 12 a 15

Concello
AS NOGAIS (Lugo)
C.I.F.: P-2703700A · Rosalía de Castro, s/n · C.P. 27677

Teléfonos: 982 36 40 92
982 36 41 90
Fax: 982 36 41 50
e-mail: concelloasnogais@concelloasnogais.es
www.concelloasnogais.es

da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que puidese considerar mais conveniente para o seu dereito.
Tocante ao previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, o Real Decreto Lexislativo 2/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como pola restante normativa Estatal ou Autonómica vixente que sexan de aplicación por razón da materia.

En As Nogais, na data da sinatura indicada ao marxe
O Alcalde-Presidente,
Jesús Manuel Nuñez Díaz

Cod. Validación: M3DZPCCGLKPRKME76AS3PASAY | Corrección: https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 13 a 15

Concello
AS NOGAIS (Lugo)
C.I.F.: P-2703700A · Rosalía de Castro, s/n · C.P. 27677

Teléfonos: 982 36 40 92
982 36 41 90
Fax: 982 36 41 50
e-mail: concelloasnogais@concelloasnogais.es
www.concelloasnogais.es

ANEXO I -MODELO DE SOLICITUDE

D/ª.....con D.N.I. nº..... con enderezo (para efectos de notificacións) na R/.....nº.....piso..... C.Postal.....Localidade..... Municipio.....Provincia.....Teléfono....., correo electrónico.....

Recibida a oferta da Oficina de Emprego de Becerreá, para participar na selección de persoal para o Obradoiro de Emprego Vía Künig III promovido polo Concello de As Nogais e coa participación dos Concellos de Becerreá e Baralla para a contratación laboral temporal de.....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE.

PRIMEIRO.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno todas as condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

SEGUNDO.- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

TERCEIRO.- Que autorizo ó Concello do As Nogais para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Polo exposto **SOLICITO** rexistrar a documentación seguinte para a valoración de méritos:
(TACHAR O QUE PROCEDA)

- □ Fotocopia do DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia
- □ Fotocopia da Tarxeta de demandante de emprego, no seu caso.
- □ Xustificante da Vida Laboral.
- □ Título académico:
- □ .....
- □ Cursos recibidos:
- □ PRL:.....
- □ Coñecemento da língua galega .....
- □ Outros: (especificar)
- □ .....
- □ .....

Cod. Validación: M3DZPCCGLKPRKME76AS3PASAY | Corrección: https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 14 a 15

Concello
AS NOGAIS (Lugo)
C.I.F.: P-2703700A · Rosalía de Castro, s/n · C.P. 27677

Teléfonos: 982 36 40 92
982 36 41 90
Fax: 982 36 41 50
e-mail: concelloasnogais@concelloasnogais.es
www.concelloasnogais.es

……., ... de.....de 2021
O/A solicitante,

Asdo.:_____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AS NOGAIS

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE AS NOGAIS para o exercicio das función e competencias atribuídas ó CONCELLO DE AS NOGAIS na lexislación vixente. Os INTERESADOS poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente, ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Rosalía *de* Castro, s/n - 27677 - *As Nogais* (Lugo) .

Cod. Validación: M3DZPCCGLKPRKME76AS3PASAY | Corrección: https://concelloasnogais.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 15 a 15